



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 149/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Á vista da resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025.

Segundo.- Vista a acta do tribunal de selección de data 9 de xuño de 2025, para dar cumprimento ao Decreto de Alcaldía 2025-0148, do 5 de xuño de 2025, relativa ao proceso de selección e contratación laboral temporal de dous peóns forestais, ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025, co seguinte resultado:

APELIDOS NOME	E	DNI	COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN	FORM ACIÓ N	O POS CICIÓ N	PUNTUACI ÓN TOTAL
RODRIGUEZ VILLAMIL, MANUEL		***8 987 **	0,40	1,00	5,40	6,80
FERNANDEZ PEREZ, JOSE LUIS		***6 153 **	0,40	1,50	4,80	6,70
GARCIA RIO, CARLOS		***5 301 **	0,00	0,00	0,00	0,00
GARCIA PEREZ, ARSENIO		***0 783 **	0,40	0,00	3,40	3,40
LOLO LOPEZ, ISIDRO		***9 931 **	0,40	0,00	5,20	5,20





Terceiro.- Visto que os dous candidatos que obtiveron maior puntuación foron RODRIGUEZ VILLAMIL MANUEL, con DNI ***8987** e FERNANDEZ PEREZ JOSE LUIS, con DNI ***6153**, sendo os candidatos propostos polo tribunal.

Cuarto.- De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos deTraballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo adóptase a seguinte:

Vista a proposta de resolución PR/2025/68 de 13 de xuño de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 13 de xuño de 2025.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Contratar como persoal laboral temporal con contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral a tempo completo (modelo 405) a por un período de 9 meses no Concello de As Nogais e nos termos indicados nas bases de selección a:

Nº	IDENTIDADE DO ASPIRANTE	DNI
1	RODRIGUEZ VILLAMIL, MANUEL	***8987**
2	FERNANDEZ PEREZ, JOSE LUIS	***6153**

SEGUNDO.- Proceder á formalización do contrato de traballo e alta na seguridade social iniciando a prestación o día 16/06/2025, e finalizando o 15/03/2026.

TERCEIRO.- Comprometer o gasto e imputalo ás partidas orzamentarias 241.131 e 241.16000 e dar traslado á Intervención municipal a efectos de fiscalizar a presente proposta, así como a Tesourería a efectos de realizar os asentos contables correspondentes.

CUARTO.- Publicar a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





QUINTO.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcrición ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

